



AGRADECIMENTOS DA FAMILIA HOMENAXE POPULAR A MONCHO.

BENQUERIDOS AMIGOS /AS:

HOXE É UN DÍA MOI ESPECIAL PARA A NOSA FAMILIA.

Se no ano 2009 Moncho foi recoñecido oficialmente como unha vítima da ditadura que sofre persecución e violencia ate lle produciren a morte naquel agosto de 1975 cando tan só contaba 25 anos, HOXE podemos dedicarlle esta homenaxe popular onde estamos presentes a familia, os veciños, os amigos e todas aquelas persoas de ben que coa súa sinatura persoal manifestaron a súa adhesión a esta homenaxe desde lugares tan diversos e distantes.

Desde o outro lado do atlántico a familia e os amigos mobilizáronse para facernos chegar o seu mais profundo e cariñoso NUNCA MAIS e quixeron expresar a través do amigo Marío Sábado en nome do seu pai o escritor Ernesto Sábado (hoxe impedido), que sabe moito de torturas e asasinatos en América latina, o afecto e o cariño que sempre mostrou por esta familia.

Pepe foi un bo estudante, un bo profesional e unha boa persoa que non soportaba as inxustizas e a miseria intelectual, política e cultural que o réxime de Franco impuxera despois dun golpe de estado e unha guerra cruenta, chea de asasinatos e execucións. Con tan só 20 anos, convertese en aquel Moncho que moitos dos presentes coñecemos, para organizar aos obreiros naqueles primeiros xermes sindicais, aos intelectuais no fronte cultural, ás clases populares no fronte nacional-popular e aos máis combatentes no partido, para mellor defender o nacionalismo galego, as liberdades e os dereitos dos pobos.

- A LINGUA ESTABA PROHIBIDA
- A BANDEIRA ESTABA PROHIBIDA
- O PENSAMENTO CRITICO ESTABA PROHIBIDO
- ORGANIZARSE ESTABA PROHIBIDO
- LER A MARX E A CASTELAO ESTABA PROHIBIDO
- AS LIBERDADES ERAN TAN SÓ UN SONO NA MENTE DALGÚNS LOITADORES.

O 25 de abril do 74, un vento de liberdade entrou desde o veciño Portugal; as ditaduras non só morren tamén se poden derrocar e Moncho fixo o posible para que ese aire fresco tamén chegara ao noso pobo.

Gustárame mencionar a tódalas persoas que dunha maneira ou outra, nestes últimos meses, fixéronnos chegar o seu saúdo, apoio e solidariedade. Permitirme que particularice todas estas mostras de afecto, cariño e solidariedade na figura do amigo e escultor Acisclo Manzano que tan xenerosamente nos cedeu a obra de arte que hoxe imos inaugurar.

O noso agradecemento a tódalas persoas e organizacións que expresaron a súa solidariedade e apoio a esta homenaxe, en especial as persoas que constituíron a Comisión 35 aniversario, que por riba de partidismos, foi quen de dar un exemplo de unidade e traballo do que estou especialmente satisfeito e agradecido. Tamén ao concello de Dodro pola súa contribución, (especialmente ao Tte de alcalde e concelleiro de cultura Anxo Franco) e a tódolos artistas e personaxes invitados pola súa colaboración, receptividade e o afecto mostrado.

POR ÚLTIMO, EN NOME DA FAMILIA, GRAZAS A TODOS POR ESTAR HOXE AQUI e que perdure na nosa memoria aquel soño vermello, azul e branco co que Moncho sempre soñou.